

Batere bui

...estou consciente de que non é esta a miña terra. Síntoo diariamente. Ninguén se pode imaxinar a cantidade de bágoas que percorreron o meu rostro, dende que tiveren que emprender a viaxe que me trouxo a la Galicia. Ninguén poderá nunca imaxinar a cantidade de bágoas que seguen a percorrer as miñas meixelas nas postas de sol da praia América... Cando comezo a recoller o posto onde trato de vender as nosas artesanías de madeira congoleña, sinto que recollo anacos do meu corazón esnaquizado... Cando chega a noite –cada vez mais pronto, no outono- a escuridade da miña pel contaxia o meu interior e a tristeza amólame a cada instante... Sinto as miradas dos que pasean na praia, que nos miran sen nos ver... Sinto as nais e os pais que perseguen aos seus pequenos, para que non se acheguen demasiado aos nosos postos, que nin tan sequera nos adican un saúdo... Irremediamente veñen á memoria os rostros dos meus fillos – aínda me lembro do sorriso que esbozou a miña filla mais pequena cando a deixei na escola, coas mans sostendo aquel papel no que se podía ler *Batere bui*-, achéganse as bágoas da miña nai, dos meus irmáns... Alá quedaron, hai moito tempo... quen sabe canto tempo.

Se cadra e a mellor decisión que tomei nos últimos anos. Cando o noso profesor de galego prantexounos a posibilidade de participar como voluntarias no programa de inmigrantes, algo se removeu dentro de min. A maioría dos meus compañeiros pasaron da idea.

Nunca imaxinara a cantidade de xente que vive na miña cidade e que precisa unha axuda para seguir adiante. No colexio sempre nos falan de que existe a pobreza e de que esta non está únicamente nos países pobres. Sempre nos fan lembrar que a pobreza non se atopa agachada ao lonxe. Non. Está aquí. Diante dos nosos ollos, somos nós os que non a queremos ver. Díxonos o mestre de galego que na nosa cidade hai mais de 30.600 familias que viven na pobreza. E algo mais de cen persoas que teñen que vivir na rúa. A nosa comfortable cidade nin tan sequera conta con un albergue municipal.

Son a nosa responsabilidade e o noso sentimento de xustiza, os que poderán facer que as cousas cambien. Son das persoas que pensan que outro mundo é posible; aínda que haxa veces que parece moi difícil de soñar.

Dende que empezei a dar as clases de galego a Etienne a miña semana se organiza dende a chegada do martes as sete e media. É divertido facerse entender con unha persoa doutra cultura que non sabe e non comprende demasiado a túa propia lingua. Dende que trato de facerlle entender a nosa lingua, eu aproveito moito mais as miñas clases. Chegoute a responsabilidade de repente rapariga, dime miña nai. Pero non é eso. É Etienne que me dí que aproveite os meus estudos e a oportunidade que teño de estudar. Outros, como os seus fillos maiores, nin tan sequera poden soñar con chegar a telas.

Se cadra é a miña aportación a construción dun mundo mellor para todos e para todas. Ademais, co paso dos días, estoume a dar de conta de que o voluntariado que estou a facer dame moito mais do que me quita. Semella como se todo a miña entrega e todos os meus folgos tórnase en axudas ao meu favor, que me van facendo mais persoa, mais muller, mais feliz.

Sempre lles insisto aos que escomezan a botar unha man, que sexan discretos; que isto é se cadra, unha labor segreda. Que nos estamos a xogar a liberdade de moitos de nós. Que a policía chega sen facer preguntas, lévase a quen considera irregular e nunca mais os voltamos a ver.

Cando escomenzamos as clases de Lingua e Cultura case que ninguén se achegou a interesarse. Tres anos despois son mais de sesenta e cinco as persoas que atoparon nas clases o único momento tranquilo da semana. O único momento para se atopar con outras persoas das que non tiñan que agacharse, coas que non tiñan que finxir. As únicas orellas e ollos abertos a comprensión. A única maneira de se mergullar na cultura galega, sen esperar nada a cambio.

Pero, como case sempre nesta vida, as cousas boas teñen o seu lado negativo. E non foron poucas as voces no barrio que se queixaron por adicar os locais da asociación de veciños a dar clases aos inmigrantes. Non foron poucos os que entenderon a chegada destas persoas como unha ofensa... e trataron de se defender. En varias ocasións avisaron a policía, que andaba na procura dos *sin papéis*, dos *ilegáis*... Como si unha persoa pudiera ser declarada ilegal... Dame noxo so de pensalo.

Por iso continuamos a nosa tarefa e o noso ofrecemento das clases aos inmigrantes, nos baixos da parroquia. Cecáis por algo se chama “Nosa Señora da Esperanza”, semella todo un símbolo.

Ainda así somos moi cuidadosos coa xente que se nos achega para axudar, non queremos mais sorpresas. A nosa labor ten que pasar desapercibida. Eu acostumo a dicir que é segreda. Segreda como moitas das vidas dos que se achegan. Paluku, Etienne, Sami, Omep, Alpha Oumar, Wangari, Maathai, Donato, Lwiyando, Angelo... e tantos outros.

Son moitas as vidas que me ensinaron que vivir paga a pena. Son moitos os sorrisos que me lembraron que sorrir paga a pena. Son moitos os sonos que me rebelaron a importancia da esperanza.

Xa teño estado aquí. E isto faime moi feliz. A miña maior ledicia é que sigo vivo. España abriume as portas e Galicia o corazón. Penso que o segredo é non empeñarse para poder pagar a viaxe de volta; senón empeñarse en saír adiante e tratar de ser feliz. O esforzo mais grande é tratar de comprender.

Lembro as noites chorando só. Se eu morro aquí, alguén vai chorar por min? “Es negro, non podes traballar aquí. Ainda que negro, negro non es, pero es moi moreno”. Pedíalle moito a Deus. “Vai de volta ao teu país, aquí lle quitas o posto aos españois”. Esta é vida que eu vivin e sigo a vivir.

Resulta imprescindible saber o idioma. Os primeiros folgos hainos que gastar aprendendo o idioma. Se non péchaste en ti mesmo, debes entenderte coa xente, comer coa xente, vivir coa xente.

Nada mais que estudei os primarios. Casei con dezasete anos. Traballei no campo e na construción. Non me daba para manterme. Tiven que recurrir a un prestamista para alugar un piso en Sárdoma, Vigo. Éramos cinco. Busquei traballo no porto; semellaba fácil, na lonxa de pescado, na carga e descarga... Estiven uns días limpando parabrisas na praza de España... pero eran moitas horas de balde.

A débeda aforcábame cada día. Se pasaba o prazo do mes para pagala, a débeda pasaba ao dobre. Atopei traballo –sen papeles- nunha empresa de Redondela. Pero tiven un accidente e me botaron do traballo. Non puideron nin tan sequera denuncialos. En pouco tempo colléronme no sector naval, para traballar na pintura dos barcos, nun asteleiro. Non é o mellor traballo pero resultou seguro e estable. Foi mais tarde cando decidín adicarme ao comercio das artesanías. Hoxe teño o meu propio posto no mercadiño.

Hoxe teño os meus papéis en regla e dou grazas a Deus por permitirme vivir aquí coa miña muller e o meu fillo mais pequeno; ao que non coñecín ata que cumpríu os tres anos.

Se son feliz? A felicidade atópase no corazón palpitante do meu pequeno fillo, Shiri, que vive na esperanza dun mundo mellor para todos. *Batere bui, omep.*

David Viso Carrera

34 años

Subida á Madroa 51, 26 C

36317 Vigo

696 77 82 81

david.viso@colegioapostol.com